


N.º 120

Tomo 10

nós



CATLÉ



BOLETÍN MENSUAL
da
CULTURA GALEGA

Direitor Literario
Vicente Risco

Direitor Artístico
Alfonso R. Castelao

Administrador
ANXEL CASAL

DIRECCIÓN E REDAUCIÓN:

Sto. Domingo, 47—OURENSE

ADEMINISTRACIÓN:

SANTIAGO

ABONAMENTO

Doce números, na Península 6'00 pesetas.
Fora da Península 8'00 .
Número solto 0'70 .

NOTA

Este boletín non publicará máis orixinais qu'os que foran directamente solicitados pol-a Dirección. Tampouco se fai solidario das ideas n-eles emitidos, a non ser dos que por non iren rubrados, enténdense que son da Redacción.

Os pagos son adiantados e os gastos de xiro de conta dos suscritores

SUMARIO

ENTÓN TAMÉN, por XOSÉ LOÍS PARENTE.
O BÁGOO EN FORMA DE «TAU» NA GALIZA, por MARVÍN CHAUNCEY ROSS.
OS TRISTES VIÑOS DE HUNGRÍA, por RAMÓN OTERO PEDRAIO.
DA ALEMAÑA, Por VICENTE RISCO (Remate)
MISCELÁNEA: UNHA VARIANTE DUN REFRÁN POPULAR RECOLLIDA POL-O P. SOBREIRA, por P. P. C.
OS HOMES, OS FEITOS, AS VERDAS.

IMPRESA "NÓS"

Facturas - Estados - Libros - Revistas
e toda crás de traballos tipográficos

Trasmitanos os seus encárragos

Rúa do Vilar, 15

SANTIAGO

Vicente Risco

Abogado

Santo Domingo, 47.2º

Ourense



BOLETIN MENSUAL DA CULTURA GALEGA

Ano XV ★ Ourense 15 de Decembro de 1933 ★ Núm. 120

E N T Ó N T A M É N ! !

Por XOSÉ LOIS PARENTE

Teño unha cisma na i-alma
tan metida, tan adentro
que a mesma noite de bodas
cometeréi o adulterio
de estar soñando os teus bicos,
de estar bicando os teus beizos....

Probes bicos os da esposa
que non saben o sagredo!
que abruzado ô seu pretil
andó a cazar teu anxeio,
i-aperto n-iles a boca
febrecido, pretendendo
da abella que bule o fondo
beixos de mel e veneno
que se esfuman, que se escapan
ôs meus ímpetus sedentos....

Xa está: cacei os teus bicos
—leito de rosas ardendo—

Pro si é meu curazón
que palpita no espello!!



O BÁGOO EN FORMA DE "TAU" NA GALIZA

Ainda que o noso coñecemento do orixen e desenvolvemento do bágoo en forma de «tau» ou moleta é ata agora moi limitado; non embargante conta cun feito que aparece aceptado por moitos escritores; que o bágoo en forma de «tau» foi usado pol-os bispos de Occidente xuntamente con bágoos de outros estilos soio ata o século XII.

Deixa iste tempo, o dito bágoo en forma de «tau» foi usado pol-os bispos e tamén pol-os abades. Foron os bispos da Eirexa Occidental quenes deixaron de usalo; non así os abades que seguiron por moito tempo facendo o seu uso e aínda o empregan agora n'algúñas eirexas de Oriente, asegún unha obra moderna (1).

N'algúñas rexións, como por eisemplo, no Limousin, a historia do bágoo en forma de «tau» demostra ista teoría.

Un fermoso marfil (2), pertencente ao bispo Girard de Limoges, morto no 1022, foi descuberto no seu sarteiro en Crarroux no derradeiro século XIX, facéndose un dibuxo. O século XII atribuíu xeralmente esmaltes de Limoges, nos que aparecen bispos con bágoos rematando n'unha volta. O esmalte (3) do bispo Ulger, antigamente no Angers e agora coñecido soio por un dibuxo da colección Gaignières, o representa cun bágoo que remata nunha volta. Mais non así sucede con San Estebo de Muret, cabeza de un mosteiro preto de Ambazac, no que figura n'un (4) esmalte (1189) levando un bágoo en forma de «tau». Iste esmalte atópase agora

no Museo de Cluny. Taes eisemplos proban craramente que a xeneralidade aceptou a teoría de que falamos. Noutras rexións, non embargante, a teoría queda desfeita, e entre elas, na Hespaña, a parte que se chama Galiza.

O bágoo en forma de «tau» foi popular na Hespaña durante o arte románico, si fóramos a vulgar pol-as súas representacións nas diversas artes.

O San Millán, nos marfiles de San Millán de la Cogolla (1), aparece co bágoo en forma de «tau», e da mesma maneira está Alfonso V no *Libro de los testamentos* (1126-29), na actualidade na Catedral de Oviedo.

Dos bágoos de marfil (2) atribuídos á Hespaña, un de eles crése de orixen inglés, mentras o outro soio tense por dubidoso por algúns arqueólogos.

A Catedral de Coímbra, no norte de Portugal, conta cun bágoo en forma de «tau», de bronce dourado, engastado con pedras e atribuído ao século XII.

Coímbra non está lonxe da Galiza e non estranaría que polo dito bágoo poideira influir na semellanza do bágoo galego nese mesmo tempo do século XII.

Cando Alfonso VI asistiu á unha proción en Sant-Iago de Compostela, unha relación describe o bágoo en forma de «tau», decorado con distintas pedras: *virgas aureas vel eburneas cantoribus aptas quarum summitem aut onix aut berillus aut saphirus aut cathunculus aut smaragdus aut ceteri pretiosi lapides decorabunt manibus feliciter gestabunt* (3). Tal describemento fainos conxectar que entón os bágoos en forma «tau»

(1) W. W. Watts, *Catalogue of Pastoral Staves: Victoria and Albert Museum, London, 1924, pax. 3.*

(2) Abié Texier, *Dictionnaire de l'orfèvrerie, Paris, 1886, col. 815.*

(3) Dibuxo «in Bodlian Library, Oxford, gaignières drawings», col. XIV, fol. 191.

(4) W. Barger, *Abendländische Schemelarbeiten, Berlin, 190, fig. 6.*

(1) José Ferrandis, *Marfiles y Azabaches Españoles, Barcelona, 1928, lámina XLIX.*

(2) Watts, op. cit., láminas LVIII e LIX.

(3) Villaamil y Castro *Mosáico Litúrgico de Galicia en la Edad Media, Madrid, 1907, pax. 138.*

coma o de Coimbra, foron de abondo en Galiza.

Podemos aínda lembrar algúns que se atopan nas esculturas e miniaturas. Temos, en primer lugar, a imaxe do Apóstolo Sant-Iago do Pórtico da Groria na Catedral compostelán, século XII (1). O Apóstolo ten a man esquerda sobor o puño do bágo, forma «tau», e na parte superior da vara dous aretes a maneira de nós pra empuña-lo mellor. Iste mesmo tipo atópase n'outras partes de Europa e datan do século XIII.

Imaxen semellante figura nunha miniatura, século XIII, do Tumbo B (2), tamén na Catedral de Sant-Iago, e posibelmente inspirada na do Pórtico da Groria. Eiquí o bágo remata nunha sinxela crus e cuns bultos. É, sen dúbida, unha simplificación do miniaturista.

Do século XIII data tamén o bágo do sartego (3) do Arcebispo D. Bernardo, morto no 1240. O sartego existe aínda no claustro de Santa María de Sar, nas aforas de Sant-Iago. Remata o dito bágo en «tau», o cal nos seus extremos nótase uns saíntes ou resaltes, poidendo sospeitarse que o autor debeu copiar de algún que tiña animaes e antelazaos. Tamén o largo do frente do dito «tau» parece imitacións de pedras en *cabuchon*, lembrando o documento citado denantes sobor a procisión, da que foi testigo o rei D. Alfonso VI.

Ambrosio de Morales, que viaxou pola Hespaña en nome de Felipe II, véu na Catedral de Tuy o bágo atribuído a San Telmo, morto no 1246, do cal nos di: «todo engastado en prata y es pequeño y como muleta y en la procesión de su fiesta lo lleva el obispo leuantado en alto (4)». De istas verbas pódese deducir que o bágo era de forma de «tau ou moleta» e, polo tanto, de intrés pra o noso caso.

O bágo en forma de «tau» ou moleta (5) no sartego do Arcebispo D. Alonso Moscoso,

morto no 1367, corresponde máis ou menos á ista data; pois seu corpo foi traído a Sant-Iago e soterrado na capela do Espritu Santo. Tamén iste bágo foi inspirado dun motivo de natureza e lembra o de Alfonso V na miniatura mencionada enriba. Debaixo da ornamentación hai tres resaltes ou saíntes en ves de un ou dous, producindo unha grande elegancia ao conxunto.

Despois temos o bágo do Arcebispo López de Mendoza (1) no sepulcro que estivo na capela da Comunión da Catedral de Sant-Iago e desaparecido ao facerse a nova capela. Iste ademáis parece ter o «tau» unha cabeza desenrolada e de flora e na vara un saínte ou nó, debaixo do cal pendura un pano, unha especie de defensa pra o sudor da man, cando o levaba pra atrás. D. López de Mendoza morreu no 1445.

O derradeiro bágo en forma de «tau» (2) na Galiza é o que se atopa no sartego de don Rodrigo de Luna, morto no 1460. O dito sartego alcóntrase na capela maor da ex colegiata de Iria. O bágo está coroado por unha sinxela peza en forma de cruz, debaixo do cal vese un saínte o nó, un cadrado e outro nó, do que pendura un pano semellante ao descrito enriba.

Non se lembra de que existan máis bágos galegos en forma de «tau» despois desta data, nen que foran usados pol-os arcebispos; non embargante a imaxen do Apóstolo Sant-Iago, na capela maor da Catedral, ten agora un bágo alto c'un sinxelo nó, no lugar do que tivo en forma de «tau» e semellante ao do Pórtico da Groria ou á miniatura do Tumbo B. O arqueólogo Carro ten mostrado que a escultura do Santo Apóstolo foi refeita nos comenzos do século XVII.

Vése, fora da dita imaxen refeita, que as demais esculturas antigas tiveron o bágo en forma de «tau», na Galiza, antre o ano 1460, data da morte do Arcebispo D. Rodrigo de Luna, e quizáis uns anos mais tarde.

Non se sabe, en verdade, o motivo de ista tan longa permanencia na Galiza do bágo en forma de «tau», mentras noutras partes

(1) Xesús Carro García «A Imaxen pétreas do Apóstolo Sant-Iago», *Revista NÓS*, n.º 91, Sant-Iago 1931, fig. 2.

(2) *Idem*, fig. 3.

(3) Villa-amil, obra cit., páx. XXII.

(4) Citado por Villa-amil, ob. cit., páx. 385; do «Viaxe», páx. 144.

(5) Villa-amil, ob. cit., páx. XXXII.

(1) Villa-amil, ob. cit., páx. XXXIII.

(2) *Idem*, páx. XXXIII.

do mundo, esceito pol-os abades, estaban xa en desuso.

Worcester, na Inglaterra, tivo permiso do Papa pra usar o bágoon en forma de «tau» e cun soio nó (1); mais non se coñece, polo de agora, ningunha concesión especial doada aos arcebispos de Sant-lago pra que poidesen seguir usando o dito bágoon.

(1) J. E. H. Blakie «Two Inventories in the Library of Worcester Cathedral», *Journ. Brit. Archaeol. Assoc.* 1932, volumen 38, páx. 175.

É posíbre que a primitiva popularidade na Hespaña establecera alguha tradición que fixo prolongar a costume do semellante bágoon na Galiza. Había tamén a imaxen de Sant-lago de Compostela, tan venerada, a cal, sen dúbida, debeu contribuir fortemente no uso do bágoon en forma de «tau», cando os demais bispos o habían deixado, facía xa moito tempo.

MARVIN CHAUNCEY ROSS.

Moriches, New York.

OS TRISTES VIÑOS DE HUNGRÍA

(Capítulo da novela FRA VERNERO, que axiña publicará NÓS)

O sonado cabaret «La Ressource» estaba deserto n'aquela hora da serán. Soilo, nun recanto preto da estufa un vello fidalgo trasfegaba o seu quinto vasiño de augardente. Cavilaba teimando pór un pouco de orde na sua maxinación. Trinta anos levaba gastados en esforzos semellantes sempre guiado pol-a lembranza das leccións do seu profesor francés, un tipo esgufo, vedraio, sensoal de encicopedista da boa escola, amigo de Maupertuis i-asegun il confesaba despois de meia dúcia de vasos, antigo amante de unha certa marquesa arroinada nativa do Saíntonje que no seu pisoño da «Chaussée d'Antin» combinaba o comentario da Constitución feita por Locke pr'a Carolina do Sul co mimoso coidado dos encaixes do tempo de Lois XV, doncel, e as murmuracións de filosofantes e porteiras. Máis a razón geométrica francesa endexamais fixera léi na vontade slava do fidalgo. Viñera á cibdade cabalgando catro días cas primeiras neves, pra o de sempre; esculca de un xudeo, pra lle vender un bosque. Agora, o derradeiro. Baixaba de un coto a fermosa e mésta formación de abedoeiras e abetos, cobría o esteso illó de mortas augas ca moura soma, destifábase como cun sentimento de aristocrático esdén, diante os eidos de patacás e a probe aldeia miserenta de fumes servos. «De neno» lembraba vagarosamente o fidalgo «meu pái correra

d'acabalo trás os bisontes». Botou outra copíña de augardente sen poder esquencer a tramutación dos s-veros bosques feudales na vileza burguesa dos «thalers»—Ouro—valente volgaridá. Asegun o meu profesor, o sábio Maupertuis pensaba que o centro da Terra está formado por un mineral chamado «teluro de ouro—Total, unha pédra».

Ca noitiña chegaban os parroquiáns. Fidalgotes campesios de andar rexo, petrímetres de frac azul e outo corbatín, estudantes, i-espazadamente paraban diante a pórtia os grandes carruaxens de locentes madeiras, brillantes cristales, cocheiro de longa barba ourental, cabalos tristes por estar lonxe as ceibas galoupadas da estepa. O dono dobrábase en dous franqueando a entrada e descían grandes señores orgullosos como reis, xenerosos como artistas en tempo de trunfo cas suas pelicas de valor de xoias i os longos cáns de máino pisar afeitos aos tapices estrados e á neve dos párques. Aixina fumegaron as pipas e balbordaron as conversas.

De súpeto estrondou na rua unha enorme fanfarría: tropetóns disformes, tártaros tambores de péles de Asia, frautas xermánicas, violíns de tziganos, gongs e címbalos, atroaban cos sons de unha marcha de fantasía bárbara e leda de tribu en camiño, co acompañamento de ouveios de cáns, báixo

rosmar de osos, trepar de cascos, berros de comparsas de entróido. Era a chegada da grande alegría dos outonos na cibdade, a comitiva anunciadora do circo Wambach. Greas alqueirantes de cativos e tropas de xitanos precedían a vangarda anunciadora, algo impresoante, manífico, lembradoiro de terrores que aínda faguían médo aos nenos: trinta lampantíns dos arrabaldos vestidos de xenizaros cos seus pantalóns finchados, botas de cóiro locente, fáixas de brillantes côres cada unha un arsenal de puñais e pistolas, resarios de ámbar, enormes bigodes pendentes algúns deica a fáixa, turbantes apendellados encol de ollos ferós. Dous máis pequenos tocaban en caldeiros de cobre lembranza das xigantescas marmitas que tiña por emblema cuase heráldico aquela milicia da Sublime Porta e diante todos dirixía a marcha un tãmbor maor como unha trabe, vestido ao xéito dos cosacos do Don, botando ó aire e recollendo con gracia o seu bastón do peso e feitura da clava de Ercoles. Tripulando seis carrozas abertas mostrábanse os millores artistas da compañía: atletas lóiros, arlequíns resoantes de campaññas, prestidixitadores italiáns e chineses, o home das sábias cabezas parlantes, as raras belezas asiáticas da danza e da acrobacia e sóila, empanicada en péles de golpe azul, lonxana e levían fada shakespearean, a inglésa raiña dos funámbulos, uamoradora de vaivodas, pachás, e vireis dende Tobols á Croacia, sementadora de desafíos entre os estudantes, cruel e fuxitiva volvoreta. E d'a pé tolos zorregando con vexigas, saboianos con marmotas, slovacos portando pol-o fuciño osos negros, tziganos rafiando nos violíns. Pasóu a cabalgada pol a rua Freta como un meteoro e ca noite comezaron a badelar saiaiantes, dogmáticas, ledas ou penitentes os campanarios dos Dominicanos, dos Franciscáns, dos Premostratenses, das freiras da Encarnación, e a lonxana e tristeira como a morte que anunciaba, do cemiterio dos Dominicanos.

O fidalgo aburriase sóilo e sen conversa co seu vasiño conselleiro de augardente cando se lle alegraron os ollos ao mirar a un novo persoaxe franqueare con aire cãso a porta do cabaret, i-erguendose berróulle: «Werner, meu vello amigo, apesares de ser

un respetábel maxistrado non esdeñará trincar uns vasiños conmigo....»

Zacarias Werner dubidaba un instante. Chamábano de difrentes mesas. Hitzig, sentado na tertulia de músicos e literatos acenáballe c'un bock de cervexa. Mais Werner silenzoso i-adusto sentouse na mesa do fidalgo a quén por un intre non lembraba. O vello ledo de tér un compañeiro púxose a falar —Werner, aquela noite na pousada *Au coeur d'or*: Non poderei esquencéla. Eu chegaba tristeiro e desfeito ca dôr da Patria e cas miñas fadaes circunstancias. No quente da sãa alomeada por cén buxías berraba discutindo Metafísica e Poesía, a xente escolástica, a frol da mocidade universitaria de Leipzig. Un rapaz lóiro e fermoso como un Apolo nórdico faguía a apoloxía de Wieland. Gababa ao vate que a tẽmpo soupo deixar os tristes farrapos do manto dos estóicos pra vestir a túnica de lus da vida. Eran rexos e brancos, chamaban pol-os bicos os brazos nús das mozas que servían a cervexa a Odino consagrada, e as suas trenzas deitaban o ulido da selva primadeiral... Mais eu seguía malencónico, e chegaches tí, e todos ceibaron un unánime aplauso: «Werner, o grande místico da sensoalidade, o pontifice de todolos cabarets, o amante das esposas ardentes dos xiados burgueses, o Mefisto, o D, Xohan, o fáuno do Báltico con máscara de Templario, viva Werner! ¡Pois entr'os estudantes es popular de Koenigsberg ao Rhín. Máis tí, contra as arelas de todos estabas sombrizo carregado de mouros pensamentos fatídicos. Bebías en silenzo os fortes licores de Riga e cando falaches, nin que falaras pra min! En troques do himno á vida entoáches ca palabra envolta no misterio a gabanza da soeda, da relixiõ das fadas do bosque, condenáches a treición de Wieland, estiveches grande trazando o roteiro do peregrino budista que gasta a vida enteira en cruzar desertos e cordilleiras pra morrer á vista da cibdá santa dos Lamas. Alguns marmuraban: «Werner tẽn hoxe o viño triste, debẽuno abandonar a sua amate fuxindo con algũn groso comerciante da feira. lembra a sua nai tola e a fame da nenez na brẽtema xiada de Koenigsberg...» Mais tí trunfaches, pois os cantos finaron e somentes imperou a bárbara

borracheira dos Godos ou a mística dos idealistas. Eu sentíme ledó. Fún criado no silencio dos bosques trubado ao lonxe pol-as tocatas cinégéticas dos cornos que poñen médo no curazón femenino dos cérvos...»

Werner apenas respondía con lonxanos monosílabos e bebía viños de Hungría: «Pera do Balatón» «Viño da doncela» «Viño do Crégo» asegun os rubros das botelas poirentas servidas con respecto i-etiqueta pol-o camareiro mais vello, o Cerbero da bodega. As tertulias de estudantes e literatos marmuraban: — «Caeu un bo ilisteu... Hoxe a sêde de Werner é meirande que o poder de Bankputtis, ise endiañado deus prusiano qu'il inventou.» E Hitzig, malinamentes engandía: «Ista noite Zacarias estrena o lazo do Visla. Logo que apale a Wanda a raíña dos Sármatas, pois o fidalgo convidador xa está como unha cotra.»

Decorreu gran porción da noite como un fume priguizoso de pipa. Ceáron caza fortemente adrezada, caviar ruso e non paraban de beber, o fidalgo perdido en latricadas lembradoiras, Werner, n'un silencio de glaciador. Logo mirando á luz un vaso de viño: — «Os viños da Hungría —falaba Werner— son tristes, pesados e fumosos. Sí fumosos como os fogos dos nómadas na estepa. As cepas están tristes, están no destello, lonxe do sol. N-outro tempo os bárbaros chamados pol-a dozura do figo sucrado, pol-a groria do ácio baixaron ao país latino e bicaron o limón doirado como morderon o seo de neve e sal das doncelas adicadas a Deus. Mais o latino vingouse levando a Baco a mesma patria casta dos deuses esgrevios. ¿Non miras a malenconía dos Boiardos e dos Vaivodas cándo beben o viño de Tokái? O neboeiro fadal da estepa afuma os ácios e o viño afuma os cerébrs vosos, tártaros ou slavos, qué importa? téndes a mesma ialma afeita a seguir na neve as pegadas do mostro que sonades cazar i-endexamais pillades. Eiquí soilo tefien xuízo os xudeus. Eu son un wiking e o meu ensoño vai pouco a pouco sêndo craro como a luzada na mar despois da noite foulosa e fatídica. Pois vin ao mundo c'un signo prometéico ao estilo do norte e longamentes procurei miña roita. ¿Vencerei as tébras? Ás veces embarco no delirio mu-

sical. Non ao igoal dos outros. Os alemáns xúntanse no salón, fán curtesía as donas do sofá, templan violíns, violas, violoncellos que soan á Italia e violóns, rrám, rrám, o do contrabáixo é sempre un bisonte vello disfrazado de xurista ou conselleiro e domina nos concertos a ispiración optimista de Leibnitz. Hai salchichas, cervexa, e grosos peitos de esposa quentadora do leito. A muller-estufa, derradeira arela dos Arminius dexenerados i-embestados. E tocan pensando na mónada, estiran as calcetas das pernas ao estilo de meu páisano o Profesor Kant e vánse roncar coma cochos. Arelo outra cousa. Cecáis unha luz de boreal aurora... Cóido estar no camiño. Si non fora ista data. ¿Por qué me persigues? E posto en pé Zacarias Werner decramaba con voce xorda: Vintecatiro de Febreiro... luar morto nas cumes... lonxe a mañán... Vintecatiro de Febreiro, pasa unha soma, a de sempre... Mozo, non traías viños tristes da Hungría. Quero Burdeos, gracia da Aquitania, quero Marsala ardente, non tampouco millor horaciáns Falernos... Afógame ista mán nas gorkas... Pra desfaguer iste nõ precisaría o *Lacrima Christi* co que consagra o Papa, branco baixo o voar da cúpula lumiosa.»

Soficentementes bébedo o fidalgo pagando a conta en thalers noviños deixouse levar por Werner á rua. Warszawa aterecía no páledo incendio do luar e da neve.

Vagando foron dar no parque Lazensky e Werner abrásaba as grandes faias coidando apreixar un raio do luar. Logo estralaba en disformes gargalladas namentras o fidalgo tendendo o puño fechado na dirección do pazo onde habitaba o «herr» xeneral Von Kohler berraba: «Fora os bárbaros teutóns. O sable de Soblesky seiturará vosas cabezas. ¡Viva a Polonia! Werner quería ir d'aquila hora petar na porta da abadía de Bielany: Arestora os P. P. Camalduleuses entoan no coro as gabanzas divinas. Os oficios da aurora son pras ialmas orballó de luz. O fidalgo tornáballe a idea a Werner no craro do luar decramaba versos coma o luar vapo-rosos:

• «We are such stuff
As dream are made on, and our little life
Ys rounded with a sleep».

Mais se non deixaba o fidalgo degoirar pol a noite. Ruxían os derradeiros «thalers» no bulso, era un gran señor, precisaba choutar de Champagne e danzas de Ourense. Das gorxas d'entramos amigos rubía a séde queimante das esmorgas cando se venta o desespero da mañán. ¿Onde beber d'aquila hora? Werner era bon timoeiro das nouturnias syrtes, e deixando a branca malenconía do parque guiou ao fidalgo pol-as canellas, entrambilicadas, tripaxen de bandullo da cibdade na noite crudel de lua medoña, rachada por ouveios de cáns e bárbaros farrapos de cantigas de bébedos. Ancoraron n'un salón ateigado de lume e calor de estufa. Unha grosa vella bandulleira de aire sibilitico botaba as cartas e algunhas mulleres xudeas, polonesas fuxidas da servidume do agro i-unha alemá fumaban e rían na compañía de suboficiás prusiáns. O fidalgo con tono de vaivoda botando ouro na aba da vella fixo vir Champagne e deseguida con finas verbas engaiolou á xermana convidando a fuxir entramos ao mesto bosque dos Cárpatos onde tiña o seu castelo arrodeado d'un lago e unha tribu enteira de tziganos cantores. Werner non bebía. Faguéndolle as beiras á xudea de carne amorenada como un froito de oasis tivo disputa c'un dos prusianos.

Falouse de desaffo e o poeta berraba eisaltado. «Sabes con quén queres te batire soldado do grán Federico? Pois co derradeiro Mestre dos Templarios por dereito de sangue e de espada. A antiga cabaleiría frolece en min e nos meus irmáns de crus... Cando Berlín e Brandemburgo eran desertos érmos no sa Ordre estaba cánsa de groria». Co ista e outras evocacións de grande stilo e ca sopeita pol-o prusiano de estar diante de un maxistrado do seu Rei sospeita que levaba aparelado o temor de cincoenta paus no lombo asegun a discipriña do coartel o xermano amoleceu e ficou sonador cando Werner agarrando un escordeón púxose a cantar unha

bela balada dos pescadores da costa do Samland iengaiolou a todos con fantasías báquicas misturando maxinacións do Sul tépedo e as suas mulleres afeitadas ao amor con visións lonxanas da estepa na primadeira.

Ao decrebar o luar Zacarias Werner atoutiñaba rubindo a escadeira pina do seu písifio de funcionario mal arraxado n'unha antiga casa esparabanada preto do deixado cemiterio dos Dominicanos. Entrando amodiño na cámara que faguía de salón e de coarto de estudo o primeiro que mirou foi encól da mesa o manuscrito do drama «Wanda», o orixinal d'unha partitura de Hoffmann e a derradeira carta sen abrir de da sua nai, e tivo vergonza. Contendo o bafo do viño, compondo incoscientemente o cabelo despeiteado achegouse á porta da alcoba. Baixaba o primeiro día dos vidros embazados. A dona durmía como unha nena. Os ceibes aneis da lóira cabeleira envolvían o pequeno libro do oracion encól das roupas do leito. Zacarias Werner colléuno docemente e volveu ao salon. Atarecía co frío. Non pensou en acendere a estufa. Os ollos cheios da aréa ardente do insomnio pousaronse no Psalmo: «Et eris tamquam lignum quod plantatus sunt secus descursos aquarum». Pensou un intre no derradeiro aito de seu drama: «Lutero»... A mañan alomeando ca nova concenza vanxélica os góticos ousos. Mais a lembranza deixouno frío e desacougado. A visión d'un camiño do agro latino calcado por pés de mártires, unha campaña de ermida, leda ao sol, tocoulle un levián intre con aas de consolo.

Lego fói o autómatas de total-as mañáns e saiu a comprir a sua función de asesor no Tribunal. Dende a porta volveuse i-esfollou aos pés do leito, sen crebar o ritmo inocente do sono da dona, a frol que lle déra a xudea do prostibulo.

R. OTERO PEDRAIO.

D A A L E M A Ñ A

VI. IDEIAS DE BÉRLÍN

Por VICENTE RISCO

(Proseguimento)

ANTISEMITISMO

Os nazionalsocialistas fan bandeira do antisemitismo. Ningunha bandeira pode ser máis popular n'Alemaña. O alemán odia ao judeu por istinto. Ódio e disprécio. Sinte por il noxo fiseco. Di que é porco, que cheira que fede. Di que é ruín, baixo, falso, tramposo...

E non son somentes os alemás. Todol-os pobos centroeuropeos, tan ceibes de prejuizos, son antisemitas.

Él é o antisemitismo un prejuizo ou unha revolta incoscente contra dos que destruíron os prejuizos? Porqu'a participacion do esprito e do pensamento judaico na desfeita dos chamados prejuizos, non hai dúbida que foi decisiva. Somentes non conseguiron derubar o prejuizo antisemita (se é qu'iste é un prejuizo). O odio de razas radica n-un fondo da y-alma inatacábele pol-o razoamento. É un istinto.

Mais digo eu: el é posibele qu'un sentimento tan unánime contra dos judeus non teña unha causa real? Tena que ter. Todo istinto responde de cote a unha causa; o istinto atina sempre, adiviña as causas.

Din algús qu'o antisemitismo fúndase na superioridade da raza israelita e na súa non asimilación. Mais a causa ten que radicar mais fondo. Concedo a superioridade da raza hebrea. Precisamentes, a ciencia hebraica tradicional, a Kabbalah, imponme respeito e curiosidade. Comprendo o seu perigo e decátome pol-o tanto da audacia dos seus criadores. Que cousa haberá segura no mundo pra quen tal emprendimento acomete, como é o de jogar nada menos que co nome de Deus? Despois d'isto, non é miragre ver as cousas d'un Sánchez, d'un Spinoza, d'un Einstein e d'un Freud. E tampouco qu'os judeus teñan admiradores, nen que s'atrayan a enveja dos demais.

Tamén é verdadeiro o feito da non asimilación. Mais isto pode ser tan ben feito coma causa do antisemitismo. El é tendencia innata dos judeus a non asimilárense, ou é imposta? Isólanse ou isólanos? Aínda, a superioridade da raza ten que ser feito do seu isolamento, porqu'a raza d'iste geito consérvase mais pura, mais fina e aristocrática, ja qu'a mestizaxe é unha causa de degeneración e porque isolados, conservan a tradición qu'os fai fortes. Tan fortes que son capaces de dúas cousas: de trunfaren apesares da persecución de que son oujeto, e de desorganizaren as sociedades onde se metan.

O primeiro fainos sel-as vítimas resñadas que trunfan do seu verdugo. Os judeus se non revolven nen se vingán coas armas. O judeu, en canto judeu, se non voltou revolver dend'o tempo de Barcoquebas. Ja non hai Macabeus. Os judeus son os únecos que n'iste mundo teñen apricado con éxito o principio de non resistencia contra do mal. O judeu non loita; chora e láyase. Mais láyase c'un layo mais fondamente pungente e eficaz que ningún outro pobo. Son o pobo mais persuasivo e sedutor que hai. É a flebeza d'Esther vencendo a Asuero. Porqu'e a raza ten moito de femenina. Na súa pureza, ten rasgos femeninos. Compre ollar ises suaves e solapados mozos judeus, d'ollos alongados e impresionante beleza, os quales, já de vellos, conservan a feminidade debaixo das longas e abondosas barbas patriarcais. Femeninos, doces, mansos, vencen co as bágoas, com'as mulleres.

Tocantes ao segundo, eu penso que é a causa fonda do antisemitismo. Manseliña e lene dinamita, o judeu é a gran forza desorganizadora, o formento da disolución social, que vai rillando os fundamentos de total-as cousas.

Os judeus operaron total-as grandes revolucióis. Iles criaron a economía do diñeiro, a

meirande revolución do mundo, da que o comunismo non é mais qu'unha forma evolutiva. A gente semella non decatarse de que sen capitalismo, o comunismo, o socialismo mesmo, resulta inconcebíbele. Porque, ademais, non hai que confundir o comunismo moderno —o marxismo, idea puramente judaica— cos soños de Platón e dos seus secuaces renacentistas, nen co comunismo dos catharos, nen co dos Karmatas e outras sectas musulmans.

A economía do diñeiro foi o principio da destrución das sociedades cristiás polo judaísmo. O diñeiro é a mais espantosa dinamita do mundo. A economía capitalista ten o vicio original, satánico, negativo, d'erguer un valor artificial por riba dos valores económicos naturás, únicos verdadeiros. Elo tivo pra os judeus o efecto de facelos ricos, e pra os outros, o de minal o fundamento das sociedades que dend'entón descansaron sobre os cartos, sobre base mintireira, falsa e inconsistente. E os valores económicos erguéronse por riba dos espirtuás. Logo os judeus aínda fixeron máis: evaporaron o diñeiro en figura de creto, co qual remataron de facelo omnipotente e universal, co qual trunfou a gran idea judaica: o internacionalismo cosmopolita. Porque co creto, estabreceuse a solidariedade mundial das finanzas, a ditadura das grandes empresas internacionais.

En servizo da idea cosmopolita, os judeus tiñan os cartos pra propagala, pois quen ten diñeiro ten a imprensa, a propia que se soster, e mais a allea que se soborna. Os judeus son ademais mestres na propaganda: non hai mais que ver o espallamento no mundo do *Berliner Tageblatt*, que mandan gratis a todol-os hoteles. En case toda as vilas de Galiza, o único jornal alemán que se recibe, é o *Berliner*; quen se queira enterar directamente das cousas d'Alemaña, tense que coller a unha fonte judaica d'información. D'iste jeito, calquera empresa judaica, calquer sabio, pensador ou escritor judeu, ten o eixito asegurado; sabe qu'o seu nome ha ser espallado deica o derradeiro recanto do mundo.

Eu non digo qu'isto todo o fagan os judeus de cote coscente e deliberadamente, c'un fito fixo e unha vontade a il endereitada, anque

ben poidera acontecer qu'así fose. Pode que non constituían unha forza universal única, verdadeiramente orgaizada en procura d'ise oujetivo preciso, anque haxa d'iso moito mais do qu'a gente se figura. N'efeito, os judeus protégense uns aos outros coma ningún pobo, conservan certas formas religiosas, moitas veces sen creeren n'elas, certas usanzas qu'os ajuntan; non empregan nos outos cárregos dos seus negocios mais que gente da sua raza, dispoñen da gran imprensa, cacrexan os seus valores, teñen unha influencia decisiva nas orgaizaciós masónicas, etcétera, etc. Pode que o fagan, non por un propósito único, deliberado, senón por unha tendencia innata ou adequerida da raza; o conto é qu'o fan e que non poden por menos de o faceren.

O internacionalismo exprícase n'iles por seren un pobo sen patria, sen terra. Elo proba a necesidade qu'o home ten da patria. A falla de patria produz un íntimo descontento, unha íntima desespranza, un amarguezo e desespero no fondo da y-alma. Prova da sua arela de ter patria é o sionismo, o queren voltar á Terra Prometida, e a mesma exaltación da terra de Canaán na sua tradición e no seu rito. Mais alí, queiran ou non queiran recoñecelo, non poderán afincar en dejamais, todos sabemos ben porqué.

A desesperación de non teren patria, lévaos, coscentemente ou non, a queren desfacen as patrias dos demais, a queren borrar a idea de patria, e isto óllase ao menos coma tendencia, en todas as suas publicacións.

O home sen patria é de cote un home, no fondo, de mau sangue, d'un acedume destrutor no fondo do esprito, disposto de cote á vinganza e ao mal. Ten moito adiantado pra ser un malvado. E todos sabemos que hai homes que non son malvados mais que no pensamento, e que non sendo capaces de lle facer mal a un chinche, sementan ideas que levan o acedume e a desespranza a moitos homes e perturban o mundo, coma son no fondo todas as ideas destrutoras de prejuizos. Eu non digo qu'esas ideas non seían precisas pra o anovamento das sociedades, e mais pra iso que chaman o progreso, e ceais n'iste senso hainas qu'acceptar. Mais os

seus efectos son de cote os ditos, e ademais, saen sempre d'homes co figado revolto.

Por certo qu'a raza judaica é unha raza hepática, de temperamento domiñado pol-o fel, e d'eiquí a coor de ceruda dos mais puros. Pode que n-outra raza non houbera feito o desterro os efectos que n iles fixo.

O internacionalismo é unha idea desagrada, de biliosos, de carraxentos que desexan, coscentemente ou non, pra todos, a mesma disgracia qu'iles padecen. O peor é qu'os demais, ao veren esa idea disfrazada con verbas de generosidade e d'amor universal, acóllena e parécelles ben. Acontez coma co comunismo: gente chea de bós sentimentos e de verdadeiro amor á humanidade, acolle esas doutrinas coidando que son d' amor e piedade, e que no fondo están ditas pol-o odio, pol-o *resentimento*, coma dixo Nietzsche, o odio dos *tchândála*, a vinganza dos parias, que ao que vai é á destrución de todo, en nome d'un ideal imposible, que cecais os seus proqramadores sabían ben que o era...

E coma se sabe, tamén o comunismo é judaico.

Ora, compre fixarse ben n un feito: os judeus, onde resultaron mais tembeles foi na Europa central; onde houbo antisemitismo nos tempos modernos. Pódese perguntar s'a perigosidade dos judeus é causa ou efecto do antisemitismo. Por outra banda, a perigosidade ideolóxica dos judeus semella terse desenvolvido na Europa central principalmente dend'a reforma de Moisés Mendelsohn. Porque semella que o judeu mais perigoso non é precisamentes o non asimilado; parez mais ben que a perigosidade está nos infideles á tradición da súa raza, nos que despoixas de perderen com'os mais a patria terrea, perderon a patria espiritual da Thora e do Talmud. O perigo se cadra non está na Sinagoga, nen no Ghetto; o judeu non é se cadra perigoso por judeu, senón por cosmopolita.

O antisemitismo pode n-iste senso ser incruso unh'arma pra iles. A *Akekrens* non ha de ser suficiente amuleto proteitivo. A outra cruz, sí.

E mais din qu'a ela han volver na fin dos tempos os fillos d'Israel. Anuncios ja os hai: en Oranienburgstrasse, 20, está estabrecida

a sociedade *Judenchristliches Zeugnis an Israel* que ten os domingos servizo diviño e sermón, terza e quinta feira, conferencias bíblicas demostrativas da misión mesiánica de Cristo.

PRECURA DE DEUS.

A sociedade moderna, decadente, materialista, estragada pol-o marxismo, pol-o freudismo, pol-o nudismo, pol-o capitalismo, quer e non pode vivir sen Deus. Anda á procura de Deus pol os camiños mais estraviados e retortos, moitas veces pol o camiño do exotismo e da toleria. A mesma robia impotente e furiosa dos ateos amostra qu'a trasnoitada fé na cencia, propia do século XIX, qu'erguera os cómicos prestigios de tipos coma Haeckel e Ostwald, vai perdendo adeutos a mais non poder.

En Berlín hai o demo de relixiós: na Mesquita inda véndense folletos de propaganda musulmana. En Fehrbelline Platz, hai unha eirexa rusa ortodoxa. En Frohnau, fermosísima aldea ao N. de Berlín, hai un templo buddhista. N-outro lado que non lembro, inaugurouse hai pouco un templo brahmánico. E trescentos mil mais.

Visitei a *Buddhistisches Haus* de Frohnau. Foi ergueita por un Profesor alemán de Berlín convertido ao buddhismo, cuia viuda vende ali libros e follas de propaganda. Hai uns jardís e unha chea de griorietas, escadoiros e terrazas armadas con coios do río. Hai unha casa e mais un templo con teitos estilo chinesco. Por adentro, non ten nada de particular. O templo ten no testeiro unha praca de cemento c'un Buddha en baixo releve. Aos lados, duas estelas de mármore oscuro, con letras douradas, conteñen sentenzas do *Dhammapáda*, unha n-alemán, outra en páli, anque escrito en letra latina. A entrada é libre pra quen queira ir; a ninguén se lle pide nada. Os mesmos buddhistas non están obrigados a cotizar. As quartas feiras jún-tanse no templo e cantan. Algunhas veces teñen conferencias. Pódense sentar no jardín e meditar. Aquelo é unha cousa tristeira e fría, cecais acaendo moi ben no credo do Tathagatha.

A tendencia dos alemás car'as filosofías da

India ven já do tempo do romantismo e da gran filosofía panteísta postkantiana. Fichtel, Schelling, Hegel, Schopenhauer, creeron coincidir moitas veces cos *Upanishads* e cos *Pitakas*. Foi moito mais tarde cando se descubriu qu'o panteísmo indo e o panteísmo alemán eran cousas d'unha fonda diversidade. Mais aquela miraxe oriental aínda vai perdurando n algúns eruditos románticos, levados con seguranza do noxo qu'en naturezas superiores, d'unha fina sensibilidade, cheas de desengano e sen coraxe pra recuar en procura da tradición, ten que producir iste desprezable mundo moderno. Eu comprendo qu'esas naturezas finas e flebes, precuren fuxir da vida actual solagándose nos paradisos orientais qu'a erudición lles fornece. O budhismo especialmente, sen ser nen moito menos un paradiso, e precisamentes por iso, acái moi ben co estado d'esprito dos homes das postrimerías, dos desencantados que se sobreviviron e que presinten que já non hai ningunha esperanza. Pra os ateos de tendencia mística que sean capaces d'un gran esforzo mental pra figurárense que s'adonan do pensamento indo, non deixa de ser o budhismo unha boa relixión final, pr'agardaren con sosego relativo os derradeiros días.

Veñen logo unha chea de doutrinas que precuran encher o valeiro relixioso dos homes mecanizados da grande urbe con conceicións do mundo feitas á sua mensura: espiritismo, teosofía, masonería. Pra ser adepto de calquera d'estas doutrinas compre ter unha mentalidade qu'eu chamaria *flammarionica*. Unha mentalidade de vulgarización centífeca, d'esa que se goza no pasmo beato que lle causan os milleiros de légoas que hai entr'a terra e a lua, nos d'anos que tarda en chegar a nós a luz da estrela Vega, aos d'átomos que hai n unha micra cúbica de platino ou nos de microbios que nadan n-unha pinga d'auga. Pra ises homes que soñan na pluralidade de mundos habitados e que comparan a estrutura do átomo co-a do sistema solar, a teosofía co-as suas cadeas de mundos, co as suas rondas de trasmigracións, co-a perpetua ascensión das almas cara os Loges inaccesibles a través de innumerables mávántaras e pralayas, pode levar aos seus espíritos optimistas e antusiastas un gran con-

solo. Ademais, coma é unha sorte de democratización da omniscencia, ten o éisito seguro.

Temos que destacar da turbamulta d'escolas teosóficas a antroposofía de Rudolf Steiner, cuos discípulos teñen eiquí unha sede importante, en Fasanenstrasse, 23, incluso c'unagrupamento d'estudantes universitarios (*Anthroposophische Akademische Arbeitsgruppe*) Rudolf Steiner, sabio e filósofo de certo prestixio fora dos círculos teosóficos, emprendeu unha reconstitución da ciencia e da vida, a base da ciencia construída por il (*Geisteswissenschaft*, ciencia do espírito) e qu'il procura arredar con coidado da ciencia natural, do espiritismo, da relixión, da mesma teosofía, etc. Dend'ise punto de vista, il e os seus discípulos acometen todol os problemas da ciencia e do mundo moderno: a filosofía, a relixión, a mística, as ciencias ocultas, a historia, a etnoloxía, a agricultura, o regime de vida, a medicina, a pedagogía, o movemento da mocidade, os problemas económicos e sociais da postguerra, o novo erguemento d'Alemaña, a arte, a literatura, a música, etc. Aínda ten un plano de reconstrución social a base da división tripartita da sociedade. A lectura dos traballos de Steiner e da sua escola, non direi eu que seña moi comenente pr'a saúde mental, mais pra os que teñan tolerancia d'abondo pra istes asuntos, é moi útil. A doutrina antroposófica é un edifício de pantesia que contén moitas pezas de realidade.

Outros hai que s'adican a rehabilitaren os antigos mitos tradicionais germánicos, que van precurar no *Edda* revelacións teogónicas e cosmogónicas e que precuran o misterio das rimas. As esenciais da revelación propia da raza Arya débese atopar n aquil libro e n-aquil alfabeto. Chámase a isto *Aryosofía*, e ven coincidir co racismo dos nacionalistas e nacionalsocialistas. Reivindicase pr'a raza germánica unha tradición oculta tan antiga com'a dos indos ou com'a Kabbalah dos judeus. Por fronte ao simbolismo e combinacións kabalísticas do alfabeto hebreu, do alfabeto grego e do abecedario latino, érguese a ciencia segreda do *futhorks* germánico, coma nós, os celtas, poidéramos facer se quixéramos cos signos *oghánicos*. Ao meu ver, non

ha deixar d'haber n'estas cousas algunha influencia das teorías de Fabre d'Olivet tocantes á raza nórdica e ao imperio de Ram. Mais despois de todo, a Aryosofía non deixa de ser unha teosofía nacionalista, un intento mesmamente de nacionalismo religioso.

Arredor d'istes movementos religiosos ou pseudo religiosos, e mais ou menos misturadas co-iles, andan unha grea de sociedades e fraternidades ocultistas: masonería mística, teosofía blavatskiana, Rosa Cruz, Mas dasnan, *Christian Science*, *Neugeistlehre*, Swedenborgismo, martinismo, etc. etc., e un vizoso frolecer das ciencias ocultas, como pode verse na pasmosa bibliografía qu'ofrecen os catálogos, por eixemplo o da librería oculta *Iwveha*, Kleiststrasse, 6, cuías sezóns son as seguintes: Alquimia, Antroposofía, Ariosofía, Astroloxía, Quiromancia, Ciencia Cristiáa, Grafoloxía, Crarividencia, Hipnotismo e sugestión, Kabbalah, Magia, Magnetismo, Masdasnan, Meiciña oculta, Cofecencia do home, Metafísica, Mística, *Neugeistlehre*, Orientalia, Parapsicoloxía, Literatura en col do péndulo, Frenoloxía, Fisiognomía, Profecía, Psicoloxía, Filosofía da Religión, Novelas ocultas, Rosa Cruz, Espiritismo, Simbólica, Simpatía, Telepatía, Teosofía, Teurgia, Interpretación dos soños, Vampirismo, Artes diviñatoiras, Yoga, Revistas, Calendarios, Anuarios, etc.

Na Kurfürstendamm vive e ten o seu consultorio un médeco ocultista que cura pol a bruxería. Sempre hai dediante da casa unha chea d'autos de gran luxo. Cand'os médecos de Berlín o quixeron levar ao juzgado, deulles nas napias co seu título de Doutor en Meiciña.

Na Universidade, ocúpase n'estudios en col dos fenómenos ocultos, a título de parapsicoloxía, o único filósofo de nota que din que hai en Berlín, o Prof. Max Dessoir, judeu e socialdemócrata.

Hai hoxe en Berlín dous indos notables n'istes asuntos: un é amigo do Canedo, e adicase a estudos de Yoga; outro é un rapaciño novo, un gran pensador místico d'enorme prestixio na súa terra, que ven estudar bioloxía com'ajuda pra o desenrolo do seu pensamento.

Cánto tolo hay no mundo! diredes vós, os

que ahí estades. É doado despachar estas cousas co isa espresión, cand'un s'atopa na nosa terra, sentado baixo d'unha parra, c'unha merendiña diante, e por frente unha paisaxe espreñida. Mail-os homes d'esprito débense decatar de qu'o home vive n'iste mundo rodeado constantemente pol o misterio, presentindo, case sabendo qu'atrás das cousas que nós vemos hai outras que nen telescopio nen microscopio son d'abondo pra nos revelaren; de que non é tolada nen pecado o precurarmos abesullar n'ise alén que se nos acocha e que nos chama, xiquera no qu'está mais perto de nós; de que, en canto ao que semella mais longe e nos importa mais, o home moderno das vilas mecanizadas e vertiginosas, perdido o único camiño seguro e permitido, non é miragre que perda o tino e que tolee collendo por verdades as pantasma da súa douta ignorancia. Por iso son dinas de respecto as ciencias ocultas, que non teñen por qué ser menos ciencias qu'as ciencias con categoría oficial universitaria, e deben ser desbotados e esquecidos os sistemas ocultistas e teosóficos, nos que tantos excelentes espíritos andan solagados nas tréboas, atrás de verdades supremas qu'endexa-jamais han conseguir acadar por ises vieiros. E tampouco ises, despois de todo, son máis tolos qu'os nosos políticos, os nosos sociólogos, os nosos economistas, os nosos filósofos, os nosos homes de ciencia. Eu non vexo por qué a teosofía, a antroposofía, o espiritismo, a mesma ciencia cristiáa, han ser mais anormales nen mais ridículas qu'o marxismo, o freudismo, a física mecanicista ou a filosofía neokantiana. O estravío d'uns e d'outros ven ao cabo do mesmo trabucamento inicial: o afán teimoso de virarlle as costas ás nacións tradicionais que forman o fundamento da nosa cultura, e principalmente á nosa fé religiosa, que lles sirve d'eixe vital; cand'estamos vendo que, ao arredármolos d'esas cousas non camiñamos cara ningunha nova construción duradoira, senón car'unha dispersión dos entendementos que frolece nos erros mais variados e contrastados.

Ainda así e todo, teósofos, ocultistas, espiritistas, gente que perdeu a Deus por culpa dos outros, dos filósofos, dos homes de cen-

cia dos polítecicos, andan desesprados en precúra d'El; cecais non estean tan tolos, cando pol o menos o buscan, namentras qu'os outros, os marxistas, os freudistas, os meca-

nicistas, camiñan sen El coma se tal cousa. Cecais os tolos señan istes.

Agardemos un día en que ao fin s'amostre Deus a todos.

MISCELANEA

UNHA VARIANTE DUN REFRÁN POPULAR RECOLLIDA POL-O P. SOBREIRA

Entre os insines beneditinos galegos do séc. XVIII dempóis dos P. P. Feijóo e Sarmiento destácase o P. Xoan de Sobreira Salgado, nado no 1746 en Santa María de Beade, diocese de Tui e hoxe pertencente ao partido xudicial de Ribadavia. Aos quince anos, o 17 de Novembro de 1751, entrou no mosteiro de Sopedrán no partido xudicial de Brihuega actualmente; en 1763 pasou a Ribas de Sil a estudar Filosofía; en 1766 empezou o estudo da Teoloxía en San Vicente de Salamanca; en 1769 foi nomeado pasante desta ciencia en San Pedro de Eslonza, preto de León; en Abril de 1770 trasladouse como segundo pregador do mosteiro de Monserrat de Madrid á capital de Hespaña, onde foi ordeado presbítero na festa da Trindade deste ano polo bispo auxiliar de Toledo; no 2 de Maio de 1777 pasou de segundo pregador a San Martiño da mesma vila; en 20 de Maio de 1781 nomeárono pregador maior de Sahagún; no vran de 1784 viaxou por Galiza, que él chama «mi patria», e a fins de Xullo chegou a Sobrado, onde estivo sete días, pra visitar ao abade deste mosteiro Bieito Blanca, paisano seu. Alí extractou o Tumbo vello desta casa. O 24 de Outubro de 1784 pasou de pregador maior a San Zoilo de Carrión e no 16 de Maio de 1789 foi trasladado a San Martiño de Santiago.

Mais a súa estada no querido Santiago non foi longa. O oito de Marzo de 1797 estaba xa en Ribas de Sil dende donde con esta data escribía ao seu amigo o médico i eminente botánico castelán Casimiro Gómez de Ortega, (1741-1810), «quero pretender o pedir directamente al Reverendísimo General la Vicaría de San Payo de Santiago, como conducente a mis estudios. Ni aún ésta espero, por haber muchos pretendientes anticipados». Pouco dempóis era nomeado Abade de Sopedrán i en 1805 finaba a súa laboriosa e ascética vida en Madrid.

Os seus traballos centíficos non foron publicados e consérvanse manuscritos na Academia da Historia de Madrid, da que foi membro correspondente dende o 14 de Xullo de 1786 en que o fixeron tal por ter composto un tomo que non se dóu ao prelo, e que comprende escrituras da fundazón e dotazón do Hospital da Herrada, preto de Carrión. O gosto polas ciencias naturás tan frecuente en moitos sabidos do sec. XVIII, leváronlle a facer pacentes estudos desta crás, mais a parte principal da súa vida centífica consagrouna á contribuzón ao «Corpus diplomático hespañol», concebido polo Orde beneditino a imitazón do feito en Franza cen anos antes polos groriosos monxes da Congregazón de San Amaro, e á formazón dun dicionario galego que non concluíu, mais no que non só son aproveitabres os datos recollidos con pacencia i escrupulosidade nas moitas aldeas por que peregrinou, sinon tamén o método que siguéu do estudo comparativo dos distintos sinificados das mesmas verbas según os variados lugares.

Entre as selectas relazóns que o uniron a homes esgrevios do seu século, decátanse as que mantivo có insine galego D. Xosé Cornide, nado no 25 de Abril de 1734 na Cruña, e morto o 22 de Febreiro de 1803 en Madrid, onde residiu dende o 1789. Nunha carta escrita a este señor dempóis do 25 de Febreiro de 1793 e conservada no tomo 2.º dos seus manuscritos, comunicalle este refrán:

«Home de Lugo, muller de Mellide
besta da Cruña e can de Furelos,
de todos eles Dios che me libre
como dos demos».

o cal cremos unha variante do tan coñecido:
«De besta luguesa, de muller corufesa e de
home pontevedrés, librenos Dios dos tres».

P. P. C.

OS HOMES, OS FEITOS, AS VERBAS

LIBROS

POEMAS DE SÍ E NON.

Alvaro Cunqueiro,
Edicións un, Lugo.

Alvaro Cunqueiro é o máis novo dos poetas, sempre será o máis novo, e os seus Poemas de Sí e Non son tamén os versos máis novos de toda a nosa poesía, poeta —que gusta resucitar o termo— pol a gracia de Deus, o que supón estar n'unha tradición, vir de máis alá, é home de hoxe, iste seu libro, que se sabe na converxencia fonda dos problemas eternos da poesía e dos aituales da cultura nova, dáse a il c'unha gracia e unha facilidade de cousa de xogo.

Anda rota a gran tradición da poesía e do arte que ven do Renascimento. O Renascimento que atopou ao home perdéuno na encrucillada da paisaxe que descubriu o Romantismo. Aquil que era un arte sán, unha poesía de proporcións, equilibrada, a poesía do home —que é senso de medida— trabucouse, suspensa, diante a paisaxe, e rematou emborrachándose d'ela. Foi o tempo da invasión das cousas sin límites. Todo como paisaxe. O home na paisaxe denantes da invención dos telemetros, a calma como un paisaxe máis. Os tempos que veñen dempóis até nós non son en moito efectos d'isa borraqueira?

A poesía de hoxe, a superrealista principalmente, aínda que con outras intencións, i aunque filla de Freud e de Joyce tén un senso de reconstrución da unidade poética, camiña cara a fusión de todol os elementos poéticos. Sucesora d'un obxetivismo cerebralista volve os ollos ao suxeto. E baixo a súa forma anárquica recolle as dúas liñas opostas da tradición. D'ista poesía de hoxe ningunha tan conscente n'iso, no que nós conocemos, como a de Alvaro Cunqueiro. Acráranos o porqué do camiño recorrido pol a poesía nova. Vemos agora a fiñalidade do seu proceso. Os Poemas de Sí e Non están moi perto do novo renascimento. Que ista poesía choute o prano da conscenza e tere mos firme o camiño cara a unidade. N'els aparecen, non xa confusos e revoltos, senón fundidos o home i as cousas. Deiqui que non poidamos encaixalos nas crasificacións correntes. Subxetivos ou obxetivos? Todo. E a poesía universal.

Poemas de amor. Amor de homes ou andan de noivado ás illas i-as laranxas? Éla é tan muller na soma antiga das pombas ou

no andar adolescente dos ríos como no seu leito de virxen namorada. Toda éla é paisaxe, sendo toda muller. I-o libro é unha liña recendente de sis e nons no home e nas cousas vexetales.

É o mito da noiva en total-as cousas que se xuntan pra seren noiva. Dempóis do Noivado a Elexia atopa xa ceibes as cousas. Esquenceran.

Por isto a poesía de Cunqueiro —como a de Carballo Calero que abriu outros vieiros— rompe coa tradición da poesía galega. Non ten ren d'aquela primeira poesía humanisima de excesivo almbre subxetivo, nin coaquela outra derradeira que se deshumanizou seguindo unha moda acentuada en España, e que nos levou a esterilidade dos anos 30 a 33. Poemas de Sí e Non son o cume d'unha serie de versos reitificados que non se escribiron n'ises anos ermos.

Poesía fonda, que deixa cada verso aberto ao problema, axil, e chea de gracia, da máis nova gracia poética, i-esencialmente —cousa que distingue toda a poesía do seu autor— limpa. Na poesía de Cunqueiro nunca sobra ren, nin as erratas, que non hai n'iste libro.

Seoane o ilustrador da nova poesía galega adorna ista con sete dibuxos que son outros tantos poemas. Ista liña de Seoane é a máis leda e amabel do novo arte galego. —X. L. R.

POLÉMICA SOBRE ESPIRITISMO.

Coruña, Imprenta Moret, 1933.

No ano de 1931, do 27 de Sant-Iago ao 24 d'Agosto, celebróuse no Ateneo Ferrolano unha discusión en col das principás téses espiritistas, na que participaron a prol do espiritismo os Sres. D. Rodrigo Sáenz, don Luís Pérez Carballa e D. Daniel Dod Martínez, e en contra, D. Félix García Tejedor, dend'a posición católica, e D. Jaime Quintanilla, dend'a posición escéptica. Iste libro contén a reseña de tan intresante controversia. N'ela, crar'está ninguén resultou triunfante, ninguén mo dificou as súas ideias, ninguén convenceu ao seu contrincante, coma de cote acontez n'istes casos. O qual non quer dicir que non seían útiles, senón pola contra: non somentes resultan pra os contendentes un manífico exercicio dialéctico no qu'os conceitos defínense, acráranse, afinanse e delimitanse, senón que o público adquire unha chea de cofecencias novas, e ten ocasión de pôr en xogo a facultade criteca. Por iso s'empregaron tanto tempo nas antigas Universidades, das que en mal hora desapareceron.

No caso presente púxose por todas as partes de manifesto unha forte e ben fundada erudición, unha fonda coñecencia dos problemas, un gran espírito dialéctico, e un quente entusiasmo de cada un polas súas teses, non rifado coa maior tolerancia pra o contrario e respecto á verdade centífeca. Ora, no fondo, aínda dando por bóa — que non hai incoemente, antes ao contrario, semella obrigado en moitos casos — os feitos aducidos pola metapsíquica, a interpretación espiritista coidamos que ha seguir sempre sendo asunto de fé pra os seus adherentes.

NACIONALISMO, por
Angelo César,
Gaia, 1933.

O A., un pouco sugestionado polas grandes figuras da contrarrevolución actual (Mussolini, Hitler), admirador da obra, tan merecente d'Oliveira Salazar, danos nesta conferencia feita no teatro de S. Carlos, o 3 de Marzal do ano pasado, unha concepción propia do nacionalismo portugués, coinci-

dente en moito, n'outras cousas non, coas de João de Castro, Teixeira de Pascoaes, etcétera, e distante da do Integralismo, e de toda inspiración da Acción francesa. Pónse de parte da aventura das Descobertas, e desbota a política do vello do Restelo. Afirma o Imperio Portugués e máis o atlantismo. Contrapónse á idea da alianza peninsular a prol da qual escribiu tanto Antonio Sardiña, influido sen dúbida polas relacións adquiridas na Hespaña nos tempos d'exilio. Preconiza unha «amisade» peninsular, nunca unha alianza. Referíndose á Galiza, di as verbas seguintes: «Ao Norte fica a Galiza irmã. Há pouco tempo aínda disse un galego ilustre que o Rio Minho é apenas fronteira entre Portugal e Espanha, pois que entre Portugal e Galiza é já aquele mesmo Rio un traço de união. Da Galiza não falaremos nós porque não vamos agora referir-nos a... Portugal». Defende a alianza inglesa. Desbota o Estado corporativo: é a nación e non o Estado quen se debe orgaizar corporativamente; o Estado nacionalista non é económico, senón político: veleiquí un feliz pensamento.

REVISTAS

ACTAS Y MEMORIAS DE LA SOCIEDAD ESPAÑOLA DE ANTHROPOLOGÍA, ETNOGRAFÍA Y PREHISTORIA, 1933. Cuaderno 1.º

REMATA o intresante traballo de J. Pérez de Barradas: *El color en la vida y en el arte de los pueblos*, tratando da coor nas culturas clásicas e entrando logo nas diferentes teorías encol da visión cromática, pondo a contribución unha estesa bibliografía psicológica e investigacións propias do A. Ensamina despois o problema do agrado e máis do simbolismo das coores; acha causas xerais, infruidas pol o desenrolo intejeitua e pol a educación, pra o gusto que temos polas coores; non acha en troques leis xerais pra a sinificación simbólica, que fundamenta nas asociacións d'ideias. Pol o derradeiro, estuda a harmonía cromática na arte ornamental, estreitamente relacionada co simbolismo e que progresan dentro do desenrolo de cada arte en particular, dependendo tamén das materias coorantes de que cada pobo dispoña. O A. manexou unha enorme cantidade de material, coma se vé na bibliografía que pon no final.—Outros traballos: F. de las Barras de Aragón, *Notas sobre restos humanos prehistóricos, protohistóricos y antiguos de España*; C. Morán, *De etnografía antigua y moderna*, estudo da obra d'un artista popular salmantino, Nemésio Maes-

tro Moro, de Salvatierra de Tormes, autor d'un vaso de corno tallado, unha cadea de reló e un portatesouros d'oso; e d'unhas pinturas rupestres do abrigo de La Palla rubia. —Recensións dos seguintes libros: *La civilización neo eneolítica gallega*, de Cuevillas e Bouza Brey; *Folklore toleuano. Supersticiones y creencias de Ismael del Pan*; *Vorgeschichte von Deutschland* de Karl Schuchhardt; *U* de C. Leonard Woolley; *Archeologie gallo romaine* d'Albert Grenier; *Historia de las religiones* de J. Pérez de Barradas; *La edad del bronce en la Península Iberica* de Pedro Bosch Gimpera, etc., etc.

RUMO, Rio de Janeiro,
núms. 3 - 6, 1933.

REVISTA de mocidade, revolucionaria na políteca e na arte, atenta á vida universitaria e académica, preocupada por un renouamento da cultura brasileira no senso por ela propugnado, polémica, chea de juizos en col de homes e cousas de todos lados espostos con grande liberdade. Reseña do movemento cultural do mes, inquérito sobre os milliores libros brasileiros, arte nova, etc., etc. Colaboradores: Bezerra de Freitas, Carlos Lacerda, Alfonso Reyes, H. O. Sant'Anna, Zumfeld, Rui Costa, Carlos Sussekind de Mendonça, Sergio Milliet, Robert Garric, Jorge de Lima, José Sergio Velasquez, Mu-

rillo Mendes, J. B. Guerra, Wellington Brandão, etc., etc. Ilustradores: di Cavalcanti, Paulo Werneck, Rui, Flavio de Carvalho, Carlos Frederico, etc., etc. Redactores: Carlos Lacerda, Rui Costa, Jayme Assis Almeida. Toda en letra minúscula. Capa coorrida estilo anuncio.

SEARA NOVA, Lisboa,
núms. 366 · 367.

Estética da velha cantiga d'amor, por Rodrigues Lapa. = *Columbano. Recordações* por Diego de Macedo.

SUDETENDEUTSCHE ZEITSCHRIFT FÜR PVOLSKUNDE,
Praga, 1933, 5/6 Heft.

TRAI un estudo encol do poeta silesiano Victor Heeger, un exaltador da súa patria, que nas suas obras pretendeu dar conciencia de si mesmo ao pobo da Silesia. — Anuncia un libro fundamental do Profesor G. Jungbauer encol da Meiciña Popular alemáa (*Grundriss der deutschen Volksmedizin*) cuio sumario, d'un grande intrés ata coma modelo, inserta.

HUMBOLDT Y LA ESCUELA DE MUTIS, por Prof. C. Torres-Umaña. — SPANISCHE LYRIK AUS VIER JAHRHUNDERTEN, por Richard Hirsch. Jena und Leipzig, 1933.

SON duas publicaciós da sezón Hespáñola do Seminario Románico de Berlín, que dirige o ilustre Prof. E. Gamillscheg, ben coñecido entre nós dend'os seus cursos en Compostela. A primeira é unha conferencia dada en castelán pol-o Prof. C. Torres Umaña, Encarregado de Negocios de Colombia n-Alemaña, en col das relacións do barón Alexandre de Humboldt co naturalista hespáñol D. José Celestino Mutis, criador d' unha escola d'investigadores americanos en Nova Granada.

A segunda é unha colleita de traducións alemás de poesías de 26 autores hespáñoles e algunhas outras anónimas. O autor máis

antigo, o Alcipreste de Hita, o mais moderno, Manuel Machado, o librillo contén efectivamente mostras da lírica hespáñola de catro séculos e aínda máis. A orde non é cronolóxica. As versións son fideles e atinadas. No índice traí unha breve notiza de cada un dos autores; na introdución, unha ollada xeral en col da lírica hespáñola.

OC. Revista bimestral de la
Renaissance dels Païses
d'OC. Núm. 12-13, dos
meses de Maio-Agosto,
Barcelona.

SUMARIO. — J. Carbonell: Cinc dies d'observacio a Euzkadi; C. Campos: Lo desarmament d'una amira occitana; Lluís Creus: L'electricificacio d'Andorra; C. Morel: La cerámica de decoracion excavada dins los «clapasses veltos» dels causses gavandaneses, Generalitat de Catalunya; Estatut interior de Catalunya; V. Bernard: Petita Antologia; Lluís, Lletres Catalanes, Arts occitanas, Crónica.

O INSTITUTO, Revista científica
e literaria. Núm. 86, Coimbra.

SUMARIO. — A tese da Infanta nas líricas de Camoens; IV, pelo Dr. J. M.^a Rodrigues; Contribución á l'étude de la relativité générale; L'espace et sa mesure, por J. Perpetuo da Cruz; Anais da vila de Ericeira, por J. de Oliveira Lobo e Silva; As tres conferencias africanas; III Conferencia de Bruselas, por ***; Tratamento médico da úlcera gastroduodenal; A Pepsinoterapia, por M. Simoes Frincao; Alejandro Herculano y España, por Luis R. Miguel; Tres ensaios sobre Antero de Quental; III Antero de Quental na fase última da súa vida, por Rui Galvao de Carvalho.

LA NOSTRA TERRA
Mallorca, Núm. 70,
Octubre, 1933.

SUMARIO. — El ball regional; Virtudes de la paraula, M. Ferro; El triangle Lluminos, Elvir Sans; Letra de Barcelona. El llibres. Reculls de Fora. Noticiari.

NÓS, Publicacións Galegas e Imp. Rua do Vilar, 15, Santiago

Os pobos
somentes son
grandes pol-a
cultura.



Mercade
Libros
Galegos.

MERQUE VOSTEDE
Plumeiros RAFIUM

DE MÁIS DURA QU'OS DE PLUMA E LIMPAN MILLOR.
VÉNDENSE EN TODOL-OS ESTABRECIUNTOS DO RAMO.

ANDRÉS PERILLE --- OURENSE

Sanatorio Quirúrxico de San Lorenzo
Santiago de Galicia

Dos Profesores

D. Fernando Alsina e D. Antonio M. de la Riva

CIRUXANO

XINECÓLOGO

FOTOGRABADO

Si quer qu-os seus fotografados sexan o mais perfecto posibres, convenlle envialos aos
Talleres de fotografado ESPASA-CALPE S. A.

Ríos Rosas, 24-Apartado, 547 MADRID

A sua biblioteca non será
unha biblioteca galega,
mentras non adquiera as
obras editadas por

NÓS

PUBRICACIÓNS GALEGAS E IMPRENTA
SANTIAGO